## Y ADEMÁS...

17 DE MAIO

### Edición facsímile da gramática de Lugrís Freire de 1931

■ O Consello da Cultura Galega presentou o facsímile da segunda edición da obra de Manuel Lugrís Freire *Gramática do idioma galego*, publicada en 1931 coincidindo coa discusión do Estatuto. No acto, enmarcado na celebración das Letras Galegas, dedicadas a Lugrís Freire, participou o neto do homenaxeado, Manuel Lugrís Rodríguez.

Esta gramática ampliaba e corrixía a primeira edición de 1922, e foi un éxito de vendas sen precedentes. O filólogo Ernesto González Seoane, autor do limiar do facsímile, dixo que supuxo a ruptura coa práctica de considerar a gramática do español como norma subsidiaria para o galego. Monteagudo, coordinador da sección de Lingua do CCG, salientou a relevancia desta gramática na historia da normalización do galego. Propuña un modelo de lingua culta que tiña en conta a fala popular depurada, a tradición literaria e o portugués como fonte de modernización, pero cunha norma autónoma.

LITERATURA

### O ILG saca un novo volume do «Atlas Lingüístico Galego»

■ O Instituto da Lingua Galega editou un novo volume do proxecto de investigación *Atlas Lingüístico Galego* (*Alga*), que recolle información imprescindible para o estudo das variedades dialectais galegas e sobre a historia do galego e das linguas modernas derivadas do latín. Este tomo, o cinco, ofrece en 300 mapas a variación léxica referida á dimensión física do ser humano, tanto dos conceptos relacionados coas partes do corpo como as doenzas que lle afectan, as accións que realiza e características físicas (coxo, tatexo...). Inclúe un índice con preto de 10.000 variantes empregadas para denominar os 300 conceptos estudados.

ARTE

**Esculturas sobre Colón** ■ O Parlamento de Galicia inaugura o día 15 a exposición *Los silencios de Colón*, obra do artista murciano Cristóbal Gabarrón. A obra é un grupo escultórico alegoría da figura do descubridor. A mostra forma parte do programa de conmemoración dos 25 anos da Cámara autonómica.

INTERNET

**Concurso** ■ A Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual celebra o Día de Internet co concurso Arcade Multimedia, baseado en xogos interactivos e aberto a todas as persoas que queiran inscribirse na web curtasnarede.es ata o próximo día 15. Os premios entregaránse o 16 de maio.

AENA cede al aeropuerto la responsabilidad de mantener al día los escáneres de maletas

# Una empresa revisará cada mes los equipos de rayos X de Lavacolla

*La compañía elegida se embolsará casi 20.000 euros por un año de servicios*

LA VOZ | SANTIAGO

■ La dirección de Lavacolla asumirá en las próximas semanas el mantenimiento de los equipos de inspección de equipajes localizados en la terminal compostelana, una competencia hasta ahora gestionada de manera centralizada desde Madrid por una división de Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA). De hecho, el *staff* encabezado por Juan Maceira ya inició ayer los trámites para contratar a una empresa privada que revise periódicamente dichos aparatos.

La compañía finalmente elegida tendrá que comprometerse a «efectuar un mantenimiento tanto preventivo como correctivo y evolutivo de los equipos de rayos X, al objeto de mantener la máxima disponibilidad de los mismos», puede leerse en las normas que rigen el proceso de selección de adjudicataria. Ésta deberá realizar un chequeo en la primera semana de cada mes. Por prestar el servicio durante un año cobrará un máximo de 19.908 euros.

Lavacolla, según la misma fuente documental, dispone actualmente de cuatro escáneres de maletas tipo 6040, apropiado para procesar bultos de tamaño medio, y de dos de la clase 9075, fabricados, al igual que los anteriores, por Heimann Systems. Mientras los primeros fueron homologados por el Gobierno central en el 2000, los últimos recibieron el plácet en 1990.

Las sociedades interesadas en este contrato tienen 12 días para presentar sus ofertas.

### Julián Barrio nombra canónigo al secretario particular de Rouco Varela

LA VOZ | SANTIAGO

■ El arzobispo de Santiago, Julián Barrio, firmó anteayer el nombramiento de Salvador Domato Búa como canónigo de la Catedral. El flamante miembro del Cabildo ocupaba hasta ahora el cargo de secretario particular del cardenal arzobispo de Madrid, Antonio María Rouco Varela, del que es un estrecho colaborador.

Salvador Domato ocupará el puesto de director del Archivo diocesano, una responsabilidad asumida por Elisardo Temperán durante su ausencia. El nuevo canónigo tiene una amplia experiencia en el mundo de la archivística, como atestigua el que fuese invitado por la Unesco a la restauración de los libros destruidos en la Biblioteca de Florencia por la inundación de 1967. Es, además, licenciado en Teología, en Archivística y Biblioteconomía y en Dirección de Empresas, entre otros estudios.

### Exposición da Universidade e Caja Madrid sobre Galicia e o surrealismo

■ A igrexa da Universidade e Fonseca reúnen ata o 25 de xuño obras de nove artistas galegos nados antes do 36 nos que o surrealismo impactou de forma que se sumaron plenamente ao movemento, como Eugenio Granell, Urbano Lugrís e Mario Granell, ou que incorporaron a súa estética, como Maruja Mayo, Francisco Miguel, Seoane, Laxeiro, Colmeiro e Souto.



PACO RODRÍGUEZ

**Obras de nove artistas compoñen a exposición**




